



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

CONCELLO DE CAMARIÑAS

SELECCIÓN DE PARTICIPANTES NAS MOBILIDADES DE GALEUROPA, PROXECTO MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL COSTA DA MORTE 2016

DATA PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS: 28/07/2016

CONVÓCANSE A SELECCIÓN DE PARTICIPANTES NAS MOBILIDADES DE GALEUROPA, PROXECTO MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL COSTA DA MORTE 2016. NO MARCO DA ORDE DO 23 DE MARZO DE 2016 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL POLA QUE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL (GALEUROPA) CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2016 (DOG NÚM. 67, DO 8 DE ABRIL). BASE 3ª PROCEDEMENTO BS324C: AXUDAS Á ENTIDADES LOCAIS CUXAS

AS BASES QUE REXEN A SELECCIÓN FORON APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 28/07/2016, AS CALES SE TRANSCRIBEN A CONTINUACIÓN:

BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NAS MOBILIDADES DE GALEUROPA, PROXECTO MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL COSTA DA MORTE 2016. NO MARCO DA ORDE DO 23 DE MARZO DE 2016 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL POLA QUE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL (GALEUROPA) CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2016 (DOG NÚM. 67, DO 8 DE ABRIL). BASE 3ª PROCEDEMENTO BS324C: AXUDAS Á ENTIDADES LOCAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente a selección de 25 candidatos/as para a realización de prácticas laborais non remuneradas durante dous meses e catro días dentro do programa Galeuropa "Proxecto de mobilidade transnacional xuvenil Costa da Morte 2016", (16 no Reino Unido, 5 en Italia e 4 en Portugal) atendendo ás normas do Artigo 28, punto 4 da orde de convocatoria. A presente convocatoria se fai ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Política Social no marco da Orde do 23 de marzo de 2016 pola que establecen as bases reguladoras do programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao programa operativo de emprego xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG NÚM. 67, do 8 de abril). BASE 3ª Procedemento BS324C: Axudas á Entidades Locais.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar na selección, deberase ter un mínimo de 18 anos de idade e reunir os requisitos establecidos no artigo 4 do capítulo I da orde e que son:

1. Estar inscritos/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (SNGX)
2. Ter menos de 30 anos. O requisito de idade debe cumprirse no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do SNGX.
3. Ademais dos requisitos anteriores, en coherencia coa Lei 18/2014 deberán cumprirse:



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

a) Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

b) Non ter recibido accións educativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

c) Non ter recibido accións formativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

No suposto de que a persoa interesada tivese finalizada a súa participación no sistema educativo, considerase que o requisito da letra b) queda suxeito a non ter recibido accións educativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos trinta días naturais anteriores.

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

TERCEIRA. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- As solicitudes presentaranse na ficha de inscrición que se achega como anexo ás bases. Presentaranse no Rexistro Xeral dos concellos de Camariñas, Carnota, Mazaricos, Dumbría, Muxía, Vimianzo e Zas en horas de oficina, durante o prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas na web www.camarinas.net (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios). As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e neste caso os aspirantes deberán comunicalo (ao Concello ao que se dirixe a documentación) mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

2.- Á solicitude unirase:

- Ficha de inscrición
- NIF
- Tarxeta da Seguridade Social
- Curriculum vitae, preferiblemente no modelo Europass e no idioma do país elixido
Descarga en <http://europass.cedefop.europa.eu>
- Certificado ou xustificante do Rexistro en Garantía Xuvenil de Galicia. No caso quedar seleccionada/o, deberá presentar un novo antes da viaxe.
- Xustificantes dos méritos alegados no Curriculum Vitae
- Tarxeta de demanda de emprego
- Certificados de coñecemento de idiomas, no seu caso.
- Certificado de recoñecemento de minusvalía, no seu caso
- Xustificante de ser vítima de violencia ou ser fillo/a dunha persoa nesta situación, no seu caso.

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución dentro dos cinco días hábiles seguintes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houberse. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No caso de que as solicitudes non deran lugar a subsanación a resolución do Alcalde aprobará xa a lista definitiva de aspirantes admitidos e suplentes.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos, suplentes ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos, suplentes e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos e suplentes, serán definitivamente excluídos do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, o Alcalde ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da participación neste procedemento.

QUINTA.- COMISIÓN AVALIADORA

1.- A comisión avaliadora estará integrada do seguinte xeito:

Presidente: Un empregado/a público do Concello de Camariñas a designar pola Alcaldía (titular e suplente).

Vogais: Tres empregados/as públicos dos concellos participantes no proxecto Galeuropa Costa da Morte 2016 a designar polas respectivas Alcaldías (titulares e suplentes).

Secretario/a: Un empregado/a público da administración local a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto (titular e suplente).

A designación concreta dos membros da comisión avaliadora se efectuará e fará pública antes de rematar o prazo de presentación de instancias.

2.- A comisión avaliadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

3.- A comisión avaliadora poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

4.- A comisión avaliadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

SEXTA.- SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

O proceso selectivo seguirá as seguintes normas de contomidade co artigo 28.4 da orde de convocatoria:

a) Establecese unha puntuación máxima total de 10 puntos no proceso de selección.

b) Valoraranse, en primeiro lugar, as solicitudes daqueles mozos e mozas que non participasen noutras convocatorias do Programa de Galeuropa.

No suposto de que se produza empate na puntuación, os criterios de desempate serán os seguintes:

- En primeiro lugar, a puntuación máis alta obtida nos criterios establecidos en cada fase de selección desta base sexta, na mesma orde na que está establecido.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

– En segundo lugar, igualdade de xénero: darase preferencia ao xénero que teña menor número de solicitudes.

– Por último, de persistir o empate, terase en conta a orde de entrada da solicitude.

c) No caso de que o número de solicitudes indicadas na letra b) deste artigo sexa inferior ao número de prazas ofertadas pola entidade beneficiaria, poderán valorarse outras solicitudes, seguindo o baremo establecido nesta base e sempre e cando, respecto de convocatorias anteriores do programa Galeuropa, sexa distinto o país de destino.

A selección realizarase de conformidade co previsto na presentes bases, con arranxo ao seguinte baremo:

1ª FASE: máximo 4,75 puntos

I. A antigüidade no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, desde a data de inscrición no ficheiro ata a data en que remate o prazo de presentación de solicitudes que se establece nestas bases, ata 1,20 puntos, puntuando 0,10 por cada mes que se leve inscrito.

II. Valorarase a maior idade da persoa solicitante. Máximo ata 1,20 puntos (terase en conta a idade cumprida da persoa solicitante no mesmo día que teña finalizado o prazo de presentación de solicitudes que se establece nestas bases).

De 28 a 29 anos: 1,20 puntos.

De 26 a 27 anos: 1 punto.

De 24 a 25 anos: 0,80 puntos.

De 22 a 23 anos: 0,60 puntos.

De 20 a 21 anos: 0,40 puntos.

De 18 a 20 anos: 0,20 puntos.

III. Mulleres vítimas de violencia de xénero ou solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen, sempre que a acreditación das ditas circunstancias fose emitida con anterioridade á data da presentación da solicitude: 1 punto.

IV. Persoas en risco de exclusión social: 1,35 puntos.

A puntuación desta fase do procedemento farase pública o mesmo día que se acorde mediante a publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas. Tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No mesmo anuncio sinalarase o lugar, día e hora de celebración das probas da 2ª Fase.

2ª FASE: máximo 5,25 puntos

I. Test escrito de motivación e participación no programa de mobilidade: ata un máximo de 2,25 puntos. Consistirá en 15 preguntas tipo test sobre motivación e participación no programa Galeuropa Costa da Morte, valoradas en 0,15 puntos cada unha. (Realizados os test por todas as persoas participantes porase á súa disposición o modelo de respostas correctas).

II. Redacción cun máximo de 10 liñas na que se amplíe a información sobre a motivación para participar no programa e os resultados esperados a nivel persoal e laboral, xunto cos beneficios para a Costa da Morte deste programa. Ata un máximo de 3 puntos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

As solucións do test publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas unha vez rematadas as probas.

SEPTIMA.-RELACIÓN DE SELECCIONADOS.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes a comisión avaliadora formará a relación de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

2.-Na acta da sesión, incluírase, unha relación, por orde de puntuación dos participantes que non foron incluídos na relación de seleccionados co fin de que, no caso de que as persoa/s seleccionada/s non reunise/n os requisitos necesarios para a participación en Galeuropa 2016 poidan ser substituída/s.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

As persoas seleccionadas para participar en Galeuropa presentarán no rexistro do Concello de Camariñas no prazo de 2 días hábiles, contados a partir da publicación no taboleiro de anuncios do concello da relación de seleccionados: copia cotexada da tarxeta sanitaria europea ou solicitude da mesma e unha declaración xurada obrigatoria para poder realizar a mobilidade. A non presentación desta documentación suporía a renuncia a participar no proceso.

Na declaración xurada, as persoas participates deberán facer constar que están informadas de:

- Que a asignación do país de preferencia dependerá do proceso de selección de participantes. A organización do programa intentará que a actividade da empresa onde se realizan as prácticas sexa o máis axeitada posible ás preferencias e estudos da persoa participante.
- Que os custos do curso de idiomas, da viaxe ao destino da práctica, aloxamento e manutención están cubertos polo programa.
- Que é obrigatorio que a persoa participante continue inscrita no rexistro de Garantía Xuvenil ata o día da viaxe ao destino da práctica, para o que debe entregar unha copia actualizada do rexistro.
- Que autoriza á publicación do seu nome e da súa imaxe e comprométese a enviar unha foto na que apareza na empresa da práctica e nunha actividade cultural, lúdica e deportiva, tal como esixe a normativa do programa Galeuropa (Base 3ª Procedemento BS324C: axudas a entidades locais, punto 3, apartado 3º)
- Que no caso de que se abandone a práctica en empresa sen causa xustificada, non se obterá o certificado de participación e correrá á cargo da persoa participante a volta a Galicia desde o país da práctica e o aloxamento e manutención desde o día que deixa de acudir á empresa. Aceptación das penalizacións establecidas nas bases do programa no seu artigo 24, apartado i), punto 2º.
- Que coñece que as prácticas laborais NON son remuneradas, polo que non se recibirá contraprestación económica algunha por parte da empresa nin dos concellos promotores do proxecto.
- Que se compromete á observación dun código de conduta ético nas empresas das prácticas e durante o transcurso da mobilidade.
- Que se compeete a realizar a totalidade da mobilidade, cubrindo os horarios sen faltas de asistencia non xustificadas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

NOVENA.-INCIDENCIAS.

A aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NORMAS FINAIS

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da comisión avaliadora, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso de selección, salvo que así o decida o órgano convocante.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

CAMARIÑAS, A 28 DE XULLO DE 2016
O ALCALDE,

ASDO.: MANUEL VALERIANO ALONSO DE LEÓN